

Loubor e memoria de Francisco Fernández del Riego, sementador

Víctor F. Freixanes

Considero un honor moi sinalado que a Asociación de Escritores en Lingua Galega pensase en min para facer a *laudatio* dunha figura senlleira, patriarca das nosas letras, guieiro de días difíciles, sementador de esperanzas, mesmo de entusiasmos, músculo da construción nacional, a quen a nosa Asociación determinou honrar co Premio dos Bos e Xenerosos; nunca mellor acaído que nesta ocasión.

Hai distincións que honran aos distinguidos e hai distincións que honran tamén ás institucións que conceden a distinción. Non creo esaxerar se digo que estamos diante dun destes segundos casos. A Asociación de Escritores en Lingua Galega, da que formo parte como asociado dende os primeiros días e da que formaba parte tamén don Paco, distingue a Francisco Fernández del Riego coa súa máxima honra e séntese, asemade, honrada e agasallada porque Fernández del Riego aceptase en vida tal recoñecemento. Incorporamos a don Paco á nómina de sinalados escritores ou institucións que tal distinción mereceron. E abofé que poucos con tantos méritos.

Hónrame aínda máis a min ser o encargado desta *laudatio* na miña condición actual de director xeral da Editorial Galaxia, codirector da revista Grial e presidente da Fundación Otero Pedrayo, empresas das que Francisco Fernández del Riego foi alicerce fundador, e alédanos especialmente que sexa na Fundación Penzol, unha das casas grandes de don Paco, e na cidade de Vigo, onde se celebre este acontecemento. Mágoa que Fernández del Riego non poida estar entre nós para asistir a esta homenaxe que é tamén homenaxe á súa memoria.

Francisco Fernández del Riego (Lourenzá, 1913- Vigo, 2010) é unha das grandes figuras das nosas letras e unha das grandes personalidades da nosa historia contemporánea. Sementador de esperanzas e entusiasmos en días difíciles, dicía eu antes. Músculo da nación. A nación dos galegos.

Non vou facer reconto, máis ca moi por riba, dos méritos da figura que nos convoca. Dende moi novo, Fernández del Riego entregou a súa intelixencia, o seu talento e moi especialmente a súa vontade á causa da nosa lingua e da nosa cultura, á causa do galeguismo. Galeguismo entendido por el como vontade de construción nacional, ou de reconstrución, nos tempos atravesados, certamente difíciles («menesterosos», en palabras do noso compañeiro Xosé María Álvarez Cáccamo) durante a longa ditadura, a noite de pedra, que bautizou Celso Emilio Ferreiro nun libro que por certo editou don Paco e ao que el, don Paco, puxo título na colección Salnés, outra das iniciativas que botou a andar, neste caso en 1962.

Xornalista, profesor nas aulas universitarias na Segunda República, represaliado e condenado despois á clandestinidade, licenciado en Dereito, militante do Partido Galeguista dende moi cedo e secretario das Mocidades Galeguistas, ensaísta, publicista, divulgador,

fundador e xestor de empresas culturais ao servizo da nosa lingua (antes citei algunhas e volverei logo a elas), incansable animador cultural, ponte entre os vellos e os novos, entre os que estaban aquí e os que estaban alá (entre o exilio interior e o exilio de América sobre todo), corazón xeneroso e vontade de ferro, como o definiron nalgũa ocasión os seus compañeiros e amigos, conciliador, optimista (co optimismo gramsciano da vontade que non se abaixa), vitalista para vencer o desánimo que a outros enfraquecía, Francisco Fernández del Riego ocupa un lugar capital na nosa historia e érguese como referencia ineludible do que somos, do que eles (a súa xeración, malia as dificultades) conseguiron que fósamos.

Estamos diante de toda unha vida dedicada á causa de Galicia.

Cando nos anos inmediatamente anteriores á guerra civil as novas xeracións se incorporaban á angueira galeguista e se estaban a levantar as institucións da esperanza, que en gran medida eran as institucións da Galicia moderna que rexurdía, alí estaba don Paco. Cando na clandestinidade dos anos 40, o galeguismo resistente intenta a súa reconstrución organizativa, con tantos vimbios estragados e o terror fascista instalado nas consciencias e nos corazóns, alí estaba don Paco. Cando houbo que procurar outros camiños, pensando nas novas xeracións, na esperanza dun novo tempo que había de vir, malia a escuridade en que vivían, alí estaba don Paco, pulando iniciativas, poñendo o seu traballo e a súa vontade para botalas a andar. Cando houbo que chamar aos amigos dispersos, aparentemente derrotados, para avivar os folgos esmorecidos e chamalos de novo polo vieiro da esperanza, alí estaba don Paco. Cando houbo que deitar pontes, petar nas portas que non sempre se abrían, arrecadar vontades, reconstruír institucións, desenvolvendo estratexias posibles, sempre sen perder o norte, alí estaba don Paco co ánimo disposto, capitán e piloto na ponte do navío.

Unha parte importante da súa obra está diante de nós, nos seus libros, nos seus miles de artigos xornalísticos, nas empresas nas que participou: a creación da Editorial Galaxia en 1950, xunto con Xaime Isla Couto, que foron os seus dous grandes motores, incorporando despois a Ramón Piñeiro, que veu da súa man, e a Ramón Otero Pedrayo, o patriarca, a ponte coa República, a xeración Nós, a xeración do Seminario de Estudos Galegos e do Estatuto de Autonomía de 1936, primeiro presidente do Consello de Administración da editora; a revista *Grial*, que codirixiu durante anos con Ramón Piñeiro e que tivo o seu xermolo naquel Suplemento Literario dos Sábados de *La Noche*, que organizou e puxo a andar en 1949 co seu compañeiro e amigo Isla Couto; a Fundación Penzol en 1963, a Fundación Otero Pedrayo despois, testamenteiro vitalicio de don Ramón, que tanto o estimaba (*velaí vén don Paco, don Paco del Riego!*); a renovación da Academia entre 1997 e 2001, cando con 84 anos aceptou asumir a presidencia e a redacción dos seus novos estatutos; a creación do Día das Letras Galegas en 1963, sen dúbida unha das iniciativas máis felices daqueles tempos, promovida por el, xunto con Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo... Son algúns fitos, de entre os moitos que poderíamos salientar.

A súa obra literaria queda entre nós, espallada en miles de artigos, como dixeran, mais tamén nas súas escolmas, nos seus ensaios, empezando por aquel *Galicia no espello* de 1954, premiado en Buenos Aires, nos seus traballos de divulgación e didáctica, cando ben pouco había (a *Historia da Literatura Galega*, o *Dicionario de Escritores en Lingua Galega*), os seus libros de viaxes, a súa incursión na ficción (*O cego de Pumardedón*) de prosa enxebre e requintada, a súa correspondencia, os seus libros de memorias... Este xénero, o

memorialístico, é quizais o máis persoal e onde o autor verteu algunhas das súas mellores páxinas.

Mais hai unha parte do iceberg que non se ve, ou do que non sempre se fala e que sostén a gran montaña que emerxe das augas: ¿Como explicar a recuperación literaria de Álvaro Cunqueiro nos anos 50, por exemplo, sen o agarimo, o talento, a teimosía do seu amigo don Paco, compañeiros os dous nos días da mocidade en Compostela, na Lourenzá e en Mondoñedo? ¿Quen realmente puxo as bases da *koiné* ortográfica que da súa man foi nacendo día a día, libro a libro, nos obradoiros da editorial Galaxia, buscando solucións, unificando estilos, aquelando criterios para a modernidade da lingua? ¿Como entender o traballo inxente de Carvalho Calero, o seu amigo tamén, na elaboración dese monumento á intelixencia e á vontade que é a *Historia da Literatura Galega Contemporánea*? ¿Ou as antoloxías da poesía galega, algúns volumes da súa man, outros obra dos seus amigos Xosé María Álvarez Blázquez, Landeira Yrago...; os traballos en *Grial*, non sempre asinados, ou na *Revista de Economía de Galicia*, que dirixía Isla Couto, pero na que el estaba tamén; as múltiples angueiras da edición, dende corrixir galeradas a facer paquetes; a correspondencia con uns e con outros, sempre puntual; as viaxes a América e a Portugal procurando alianzas e apoios; o ánimo aos novos creadores (moi especialmente a través da colección Illa Nova); as conferencias, os dicionarios, os traballos de divulgación, por non falar doutras proxeccións como a revista semanal de letras que coordinaba nas páxinas de *Faro de Vigo* ou o seu labor en *Industrias Pesqueiras*, que dirixía o seu amigo Valentín Paz Andrade, e tantos outros...? ¿Ou o pulo da industria da edición dende a xerencia de Artes Gráficas Galicia durante unha época, preocupado por dotar o libro galego de recursos axeitados para a súa modernización, sen esquecer, por suposto, a dedicación á Fundación Penzol, a súa casa, como director da Biblioteca, atento á documentación, á recolleita de novos materiais, ese traballo inxente de arquivo da nosa memoria, ao que os investigadores e usuarios poden acceder e que abofé que constitúe un material valiosísimo para o estudo e seguimento da nosa memoria máis recente? Ata moi poucos meses antes do seu falecemento, cando lle fallaban xa as forzas, acudiu don Paco puntualmente ao seu despacho na Fundación.

O editor Bieito Ledo, que ocupou a xerencia da editorial Galaxia durante uns anos, definiu nunha ocasión a Fernández del Riego como un obreiro da edición. Obreiro, comprometido con todos e cada un dos pasos da construción e difusión do libro galego. Na historia da edición galega Francisco Fernández del Riego ocupa un lugar fundamental, sen o cal non é posible entender o que agora somos, herdeiro da tradición magnífica daqueloutro Ánxel Casal, a quen Del Riego por certo dedicou algunhas páxinas especialmente útiles e esclarecedoras.

E xunto coa súa obra, a súa xenerosidade, corazón de portas abertas. Os seus libros están nos catálogos de practicamente todas as editoras galegas. Para todos tiña palabras de alento e, se lle era posible, un orixinal, unha idea nova que ofrecer. Traballador incansable, ata última hora ordenou os seus materiais e mesmo deixounos algún inédito, como esa viaxe a Francia e a París, crónica viaxeira, memorias de xornalista, que publicaremos proximamente.

Diciamos ao principio que a obra de Francisco Fernández del Riego non é doada de recoller nunhas poucas páxinas ou nunha intervención necesariamente breve coma esta. Tiven o honor de gozar da súa amizade e da súa xenerosidade, do seu alento e dos seus ánimos para acometer a nova andaina que nos tocou asumir á fronte da editora que eles fundaron en 1950, con principios claros: a modernidade e a dignificación da lingua, a súa difusión e necesaria actualización aos novos tempos, a súa universalidade, galeguismo de portas abertas, non sectario, non exclusivista, seguindo a coñecida máxima do mestre Castelao: non lle poñades chatas á obra porque hai sitios para todos traballar nela. A renovación da revista *Grial*, na etapa que iniciamos en 2002 Henrique Monteagudo e quen isto asina, contou dende o primeiro momento co consello e o alento de don Paco, director de honra neste período, xunto con Xaime Isla Couto.

Afortunadamente, e grazas en gran medida ao labor e á intelixencia de persoas como Fernández del Riego, hoxe o panorama do libro e mesmo da cultura galega é amplo, plural, diverso, como corresponde a unha sociedade desenvolvida. Segue habendo problemas. Sempre haberá problemas. Cada tempo histórico presenta novos desafíos. Mais o espírito segue sendo o mesmo, e entendo que é dende este recoñecemento que a nosa Asociación agasalla a súa memoria, a súa obra, a súa vizosa sementeira, co galardón dos Bos e Xenerosos.

E non é casual que sexa na cidade de Vigo, a súa pequena patria, ademais da patria da infancia nas terras de Lourenzá, onde celebramos esta festa. Vigo foi o espazo urbano de don Paco, a cidade músculo, e nisto parécese moito: Francisco Fernández del Riego e a cidade da Galicia nova, que empuxa e non se abaixa, coa ollada sempre no futuro, na ilusión do que nos queda por construír aos que vimos detrás e recollemos o seu facho. Como gustaba de dicir o seu amigo Álvaro Cunqueiro, parafraseando a Shakespeare, somos o que soñamos.

Onde queira que esteas, don Paco, sempre na nosa memoria e nos nosos corazóns, beizóns.

Vigo, febreiro, 2011